



BOP

MARTES, 11 DE FEBREIRO DE 2020

N.º 034

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María de los Angeles Lázaro Torrado solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.68761.

As obras solicitadas consisten na construción dunha beirarrúa da estrada existente en colindancia co predio de referencia catastral 3251303PJ4235S0001DJ; na zona de policía do rego de Lopo; na urbanización de San Bartolo, na parroquia de San Cosme de Barreiros, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 5 de febreiro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0273

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 20 de xaneiro de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (expediente IN407A 2019-34AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "SEPARACIÓN PARTICULARES CT 14436 C. PESCA"
- Situación: concello de Viveiro
- Características técnicas:

Desprazamento de 25 metros de condutor tipo RHZ1-95 da Liña soterrada de media tensión a 20kV Viveiro 3 que alimenta ao CT 14436 C Pesca pasando a entrar no CT 11004 Puerto Celeiro.

Substitución das celas de MT do CT 11004 Puerto Celeiro, no cal se instalan dúas celas de liña, dúas de protección e unha de interruptor automático.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía **eléctrica**, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se

aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 20 de xaneiro de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 0274

CONCELLOS

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de xaneiro de 2020, a PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións durante o referido prazo, o acordo elevarase a definitivo.

Castro de Rei, 24 de xaneiro de 2020.-O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 0275

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRRARÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHICULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUEIRA CLASE. EJERCICIO 2019.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/01/2020, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcorrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra esta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso - administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública das listaxes.

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público das taxas por pasaxes permanentes, padrón ano 2019, dende o 10/02/2020 ao 10/04/2020, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria ES78-2080-0137-41-3110000025 que este Concello ten aberta na oficina de ABANCA, sucursal de A Pontenova.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova o dez de xaneiro de dous mil vinte.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0276

VILALBA

Anuncio

Segundo o que dispón o art. 11 (encomendas de xestión) da Lei 40/2015, de réximen xurídico do sector público, e para os efectos da súa eficacia, publícase, mediante o presente, a resolución que adoptou a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 3 de febreiro do 2020, transcribíndose de seguido o acordo íntegro que a contén:

13. Aprobación revogación de encomenda de xestión. Expte. 3714/2016

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 5 de xuño de 2012, adoptou o acordo de encomendar a don José Franco Criado, con DNI nº 33848978Q, a xestión e coordinación dos servizos municipais de Protección Civil de Vilalba, recolléndose en dito acordo que esta encomenda permanecerá en vigor en tanto non se produza a súa renovación ou revogación, sen que iso supoña a existencia de ningunha relación laboral co Concello de Vilalba.

Visto que esta encomenda de xestión foi utilizada como técnica de autoorganización administrativa municipal, e que nas circunstancias actuais considerase innecesaria a figura de un xestor e coordinador dos servizos municipais de Protección Civil.

Visto o artigo 11 "Encomenda de xestión", da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Xurídico do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia que lle foi delegada mediante Decreto da Alcaldía n.º375, de data 2 de xullo de 2019, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro. Revogar a encomenda de xestión outorgada a don José Franco Criado, con DNI nº 33848978Q, para a xestión e coordinación dos servizos municipais de Protección Civil de Vilalba, acordada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 5 de xuño de 2012.

Segundo. Ordear a publicación do presente acordo no BOP, surtindo efectos dende o día da súa publicación.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

Vilalba, 5 de febreiro de 2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0277

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - CHANTADA

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2020-0021 DO 21 DE XANEIRO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ELABORACIÓN DE CARETAS DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2020

BDNS (Identif.): 494256

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Requisitos dos participantes.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de caretas de antroido organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta ou caretas a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 10 de febreiro de 2020.

Quinto.- Contía dos premios.

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3, 4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio. Ningún participante poderá optar a máis dun premio, aínda cando tivese presentado máis de unha careta.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

XOVE, 28 de xaneiro de 2020.- O ALCALDE.- JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 0272
